

Raúl Dans: «Os autores teatrais non pintamos nada»



27/11/2012 14:22

Dobre premio para Raúl Dans, un na casa e outro fóra; un para cativos e outro para adultos.

-¿Para un autor afeito aos adultos, como é escribir para cativos?

-Foi unha experiencia moi satisfactoria. É esgotador animicamente escribir eses textos escuros e tan dramáticos nos que eu adoito meterme. Viña de escribir unha historia moi intensa, con personaxes cheos de sombras -a obra que gañou o Premi Born, Unha corrente salvaxe- e necesitaba facer algo máis esperanzador. E tiña no caixón a Henri e a Olivia, os personaxes principais de *Un mosquito de nome Henri*, que ideamos hai anos as miñas fillas Ángela e Carlota e eu. Por fin puiden escribir un final feliz e unha historia de amor correspondido.

-¿Por que para cativos pode escribir en sentido positivo e para adultos non?

-Hai moitas cousas que non se lle deben quitar aos cativos, e unha delas é a esperanza, a ilusión. Dicirlles que con esforzo, con honradez e valentía se pode facer un mundo máis xusto. Os adultos xa sabemos que somos carne de derrota.

-Ser dramaturgo é, dentro do gremio autoral, como ser o último mohicano?

-Si, os autores teatrais apenas pintamos nada no gremio da escritura. E xa non digamos no do espectáculo. Só publicas os teus textos se gañas un premio, e nin así consegue un chegar aos escenarios. Pero non importa. O teatro sempre será un xénero literario magnífico para contar grandes historias en poucas palabras.